

ATAM: A DICTADURA LEVADA Á XUNTA XERAL

De novo a empresa coa colaboración dos dous sindicatos maioritarios nos dan mostras da súa política excluinte en tódolos ámbitos nos que teñen poder de decisión. Coincidindo este ano coa Asemblea Xeral Ordinaria de ATAM, da que a CIG forma parte, puxéronse de acordo con evidente mala fe en convocar no último momento unha Extraordinaria para a aprobación dos novos estatutos. Nós denunciámos que non se nos vonvoa no prazo que marcan os estatutos vixentes e que este motivo só sería suficiente para que esta reunión non se tivese celebrado.

O tema da aprobación dos novos estatutos, co voto favorable da empresa e de CC.OO e UXT, é de vital importancia para o futuro da Asociación. Por unha parte Telefónica S.A. asegúrase o control case total da asociación ao nombrar directamente 25 dos 49 membros da Xunta Xeral (mais do 50%). Isto é claramente contrario á actual lei de asociación pois os socios son os que, segundo esta lei, directa ou indirectamente deben de ter a potestade de elixir os seus representantes.

Modifícase ademais a maneira de elección dos 24 membros restantes de tal forma que aínda despois de aprobados non son capaces de facer unha interpretación rigurosa de este punto, o que esta claro é a intención de que segundo o redactado so poidan ser elixidos representantes de CC.OO ou UXT. De novo vemos como se pode vender calquer dereito dos traballadores a non sabemos que prezo.

Ate hoxe o resto de sindicatos non temos ningunha maneira de influir no funcionamento da asociación, pero molesta tanto que esteamos minimamente informados do que se está a facer que practicamente xa firmaron a nosa sentenza de morte na Asemblea Xeral.

Inicíase un proceso no que a empresa fará e desfará a placer todo o que lle conveña en ATAM, utilizando a asociación para os fins que ésta estime oportuno.

A CIG denunciou a deriva que esta levando ATAM potenciando un modelo de beneficencia dirixido a axudas individuais en vez dun modelo de carácter máis social que desenvolven os centros propios e que consiguen o fin primordial de ATAM: Integración plena da persoa con calquera tipo de discapacidade. Estes centros son vistos como consumidores de recursos e polo tanto existe a pretensión de reducilos e virar cara un sistema de convenios con entidades privadas que presten estes servizos. Este é o obxectivo da Empresa e conta coa sumisión da maioría da representación sindical para levalo a efecto.